



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Mesa de Contratación. Constitúese a Mesa de Contratación integrada polas seguintes persoas:

Francisco Cacharro Gosende (presidente)
Gonzalo Alonso Álvarez (vogal Intervención)
Ana M^a Blanco Nespereira (vogal Asesoría xurídica)
José Javier Rivera Martínez (vogal/secretario)

Previa convocatoria ao efecto, constitúese a Mesa de contratación ás 09:00 horas do 11/01/2023, nas dependencias do Servizo de Contratación, para tratar, entre outros, os seguintes asuntos da ORDE DO DÍA:

1. Exame da documentación correspondente ao depósito da garantía definitiva e da xustificación dos requisitos previos para contratar, desprecinto e exame das mostras achegadas pola empresa e, no seu caso, proposta de adxudicación, correspondente ás seguintes licitacións:

— CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO DAS OBRAS DE EXECUCIÓN DA REFORMA PARA A ADAPTACIÓN Á LEI DE REGULACIÓN DO APROVEITAMENTO LÚDICO DAS AUGAS TERMAIS DE GALICIA E MELLORA DA ACCESIBILIDADE NA PISCINA TERMAL DE AS BURGAS (Expediente nº 2022024342)

2. Rogos e preguntas

3. Aprobación da acta da sesión

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- O Concelleiro delegado de contratación, mediante Decreto núm. 2022011072, de 29/11/2022, resolveu:

“Primeiro.- Avaliar e clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación e os criterios de desempate previstos non prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de execución da reforma para a adaptación á Lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia e mellora da accesibilidade na piscina termal de As Burgas (expediente nº 2022024342) na seguinte orde decrecente:

Nº	EMPRESA	TOTAL
1	Coviastec SL	97,20





2	Construcciones Orega SL	89,81
3	Oreco Balgón SA	87,85

Segundo.- Requirit a Coviastec SL, titular do NIF B32240210, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o día seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a documentación acreditativa de ter depositado na Tesourería municipal a garantía definitiva, por importe de 5% do prezo ofertado, IVE excluído (22.682,78 €) en calquera das formas previstas no artigo 108 da Lei 9/2017, de contratos do sector público (LCSP), e para que en idéntico prazo achegue a documentación que establece o artigo 10 do prego de cláusulas administrativas particulares, acreditativa do cumprimento dos requisitos previos aos que alude o artigo 140 da LCSP”.

Segundo.- Na data 01/12/2022 efectuouse a notificación a Coviastec SL dos referidos acordos.

Terceiro.- Comprobose que obra no expediente toda a documentación requirida de oficio e esixida ao contratista dentro do prazo conferido.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adjudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación.

No presente caso a oferta de Coviastec SL foi a que obtivo a maior puntuación consonte aos criterios de avaliación establecidos no PCAP segundo resulta dos informes de avaliación das ofertas da Xefa do Servizo de Infraestruturas de 07/11/2022 e do Xefe do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria de 24/11/2022 e as actas da Mesa de 16/11/2022 e 28/11/2022.

Terceiro.- A competencia para adjudicar o contrato correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En base ao que antecede, a Mesa de Contratación adopta o seguinte acordo:

1.- Elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta de adjudicación, de conformidade co disposto no artigo 157.1 da LCSP e o artigo 11 do PCAP, condicionada á fiscalización da Intervención municipal:

“Primeiro.- Adjudicar a Coviastec SL, titular do NIF B32240210, o contrato das obras de execución da reforma para a adaptación á Lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia e mellora da accesibilidade na piscina termal de As Burgas (expediente nº 2022024342), de acordo co proxecto técnico e o prego de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local e as ofertas presentadas, por resultar a oferta coa mellor relación calidade-prezo, por un prezo de 453.655,55 €, en concepto de principal, e 95.267,67 €, en concepto de IVE, para un total de 548.923,22 €, o que representa unha baixa do 4,78% con respecto ao orzamento de licitación.

Melloras:





Concello de
OURENSE

SERVIZO DE CONTRATACIÓN

Praza de San Martiño, nº 2 -1
32005-Ourense
Tfno. 988 269 333
e-mail: contratacion@ourense.es

- Mantemento integral das instalacións: 36 meses
- Aumento do prazo de garantía: 24 meses
- Redución prazo de execución: 4 meses
- Colocación sistema de vídeo vixilancia mediante cámaras no exterior. Sistema anti-intrusión. Mantemento da instalación durante 1 ano.
- Subministro de sonda paramétrica para a medición de pH, temperatura, outra para medición da turbidez da auga, e medidor de clorímetro.
- Colocación de cartelería con indicacións de uso de baño e plano do espazo termal
- Esquineiros en zona de alicatado en aseos e vestiarios.
- Pantalla dixital de información de datos. Instalación wifi.
- Sistema de control de acceso dos usuarios ás instalacións.

Financiamento: Con cargo á aplicación orzamentaria 300.4391.61909

Segundo.- Dar traslado á Tesourería municipal do acordo precedente aos efectos contables oportunos”.

Non habendo rogos nin preguntas, a presidencia dá por concluído o acto.

O Interventor expón que asina a acta como membro da mesa pero non na súa función como interventor, porque cos datos dos que dispón nestes momentos, non pode formular a fiscalización.

A presente acta formalízase coa consideración de documento administrativo público aos efectos do previsto no artigo 26 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sendo asinada sen unidade de acto polas partes mediante firma electrónica ao abeiro do previsto no artigo 10 do mesmo texto legal.

Ourense, na data da sinatura electrónica.

